

*Decreto 379/2003, do 10 de outubro, polo que se crea a Facultade de Ciencias da Comunicación no Campus da Coruña da Universidade da Coruña.*

Polo Decreto 265/2003, do 15 de maio, (DOG do 23 de maio), polo que se concede autorización para implantar estudos conducentes ás titulacións que se citan no sistema universitario de Galicia autorízase a implantación na Facultade de Ciencias da Educación do Campus da Coruña da Universidade da Coruña do 2º ciclo dos estudos conducentes á obtención do título de licenciado en comunicación audiovisual.

Posteriormente, a Universidade da Coruña ultimou os trámites necesarios para propoñe-la creación da Facultade de Ciencias da Comunicación, na que se impartirán os estudos xa autorizados de comunicación audiovisual.

Neste decreto, baixo a formulación exposta, créase un novo centro no campus da Coruña da Universidade da Coruña, unha vez cumpridos tódolos requisitos previos ó acto formal da autorización por parte da Xunta de Galicia.

Esta creación inscríbese no marco de favorece-la consolidación de unidades departamentais e o aproveitamento dos recursos infraestructurais, e responde á necesidade de completa-lo perfil da Universidade da Coruña, de mellora da calidade do ensino e da potenciación da actividade investigadora.

Por todo iso, de conformidade coa Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, a Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, a Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, o Real Decreto 557/1991, do 12 de abril, sobre creación e recoñecemento de universidades e centros universitarios, e o Decreto 259/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o procedemento para creación e recoñecemento de universidades, centros universitarios e autorización de estudos na Comunidade Autónoma de Galicia; por instancia do Consello Social da Universidade da Coruña, logo do informe do Consello de Goberno da citada universidade, oído o Consello Universitario de Galicia, en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro; por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do dez de outubro de dous mil tres

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º

1. Créase a Facultade de Ciencias da Comunicación no Campus da Coruña da Universidade da Coruña.

2. Na Facultade de Ciencias da Comunicación impartirase o 2º ciclo dos estudos conducentes á obtención do título de licenciado en comunicación audiovisual xa autorizados, deixando sen efecto o disposto no punto 1º do artigo 2 do citado Decreto 265/2003, do 15 de maio, no referente á localización para a implantación desta titulación.

#### Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para que, no ámbito das súas competencias, dicte as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dez de outubro de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

*Orde do 1 de setembro de 2003 pola que se resolve definitivamente a convocatoria de licencias por estudos para o curso 2003-2004 destinadas a funcionarios docentes non universitarios.*

De conformidade co establecido no artigo décimo terceiro da orde desta consellería do 5 de marzo de 2003 (DOG do 17 de marzo) pola que se convocaban licencias por estudos para o curso 2003-2004, destinadas a funcionarios docentes non universitarios, esta consellería

#### DISPÓN:

Primeiro.-Adxudicárlle-las licencias por estudos ós profesores que se citan no anexo primeiro desta orde.

Segundo.-O período improrrogable de duración das licencias dun curso completo será, como máximo, do 1 de setembro de 2003 ó 31 de agosto de 2004, para o profesorado de educación infantil e de educación primaria, e desde o 15 de setembro de 2003 ó 14 de setembro de 2004, para o profesorado de ensino secundario e de ensinanzas de réxime especial.

Nas licencias cuadrimestrais das modalidades -4 e 5- a duración dos cuadrimestres establécese do seguinte xeito:

1. Para o profesorado de educación infantil e de educación primaria:

-Primeiro cuadrimestre, do 1 de setembro de 2003 ó 31 de decembro de 2003.

-Segundo cuadrimestre, do 1 de xaneiro de 2004 ó 30 de abril de 2004.

-Terceiro cuadrimestre, do 1 de maio de 2004 ó 31 de agosto de 2004.

2. Para o profesorado de ensino secundario e das ensinanzas de réxime especial:

-Primeiro cuadrimestre, do 15 de setembro de 2003 ó 14 de xaneiro de 2004.

-Segundo cuadrimestre, do 15 de xaneiro de 2004 ó 14 de maio de 2004.

-Terceiro cuadrimestre, do 15 de maio de 2004 ó 15 de setembro de 2004.

Terceiro.-O profesorado ó que se lle concede licen-  
cia por estudos das modalidades 2, 3 e 4, continuará  
condicionado ó envío do xustificante orixinal ou foto-  
copia cotexada do pagamento da matrícula e das  
taxas no centro no que se realizarán os estudos,  
que deberá enviar antes do 31 de outubro de 2003;  
en caso contrario, a dita licen-  
cia quedará automa-  
ticamente denegada.

Cuarto.-Contra esta resolución os interesados  
poderán interpoñer recurso potestativo de reposición  
perante o conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria no prazo dun mes contado a partir do  
día seguinte ó da súa publicación no DOG, segundo  
o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999  
(BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei  
30/1992, de réxime xurídico das administracións  
públicas e do procedemento administrativo común,  
ou ben directamente recurso contencioso-adminis-  
trativo no prazo de dous meses perante o Tribunal  
Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2003.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Licencias por estudos concedidas para o curso  
2003-2004

Mestres

| Apelidos              | Nome             | Modalidade          |
|-----------------------|------------------|---------------------|
| Agraso Mayán          | Mercedes         | 2                   |
| Baamonde Paz          | María Luisa      | 2                   |
| Balboa Fernández      | Felipe           | 2                   |
| Barros Grela          | María Montserrat | 2                   |
| Boutureira Maroño     | María Begoña     | 2                   |
| Cabal Díaz            | María            | 2                   |
| Corbelle Ferreiro     | Dolores          | 2                   |
| García Álvarez        | Álvaro Javier    | 2                   |
| López Pérez           | José Luis        | 2                   |
| Maseda Deán           | Manuel           | 2                   |
| Mato Longarela        | Mª Carmen        | 2                   |
| Merayo Buján          | Concepción       | 2                   |
| Morandeira Morandeira | Ana María        | 2                   |
| Méndez Míguez         | Carlos           | 2                   |
| Padrones García       | Raquel           | 2                   |
| Pardo López           | Celestino        | 2                   |
| Pazos Coello          | Mª Jesús         | 2                   |
| Rodríguez de Castro   | Amparo           | 2                   |
| Rodríguez Paradela    | Mª Paz           | 2                   |
| Santín Fernández      | Mª Emilia        | 2                   |
| Torrente Vilasánchez  | Mª Adela         | 2                   |
| Vence Vence           | Mª Carmen        | 2                   |
| Álvarez Arias         | Antonio          | 5 (2º cuadrimestre) |
| Blanco Blanco         | Ana              | 5 (2º cuadrimestre) |
| Bouzas Pérez          | Elena            | 5 (2º cuadrimestre) |
| Carreira Díaz         | Ana              | 5 (2º cuadrimestre) |
| Castro Miragaya       | Mª de la Paz     | 5 (2º cuadrimestre) |
| Darriba Civeira       | José Luis        | 5 (2º cuadrimestre) |
| De Rojas Silva        | Mª Magdalena     | 5 (2º cuadrimestre) |
| Fernández Espiñeira   | José Manuel      | 5 (2º cuadrimestre) |
| Gago Louzao           | Mª Ángeles       | 5 (2º cuadrimestre) |
| Gómez Xurxo           | Silvestre        | 5 (1º cuadrimestre) |
| González Eiján        | Mª de la Cruz    | 5 (2º cuadrimestre) |
| Jiménez Bértolo       | Mª Carmen        | 5 (1º cuadrimestre) |
| Liñares García        | Rosa             | 5 (2º cuadrimestre) |
| Maderal Cal           | Margarita        | 5 (1º cuadrimestre) |
| Martínez Lema         | Justo            | 5 (2º cuadrimestre) |
| Navarro Otero         | Mª Jesús         | 5 (2º cuadrimestre) |
| Pacoret Balsa         | Xosé Xesús       | 5 (2º cuadrimestre) |
| Picos Feal            | Francisco        | 5 (2º cuadrimestre) |
| Planas Bacarissas     | Eulalia          | 5 (2º cuadrimestre) |
| Pérez Rodríguez       | Victoria         | 5 (1º cuadrimestre) |
| Quintás Suárez        | Moisés           | 5 (1º cuadrimestre) |
| Rodríguez Iglesias    | Xosé             | 5 (2º cuadrimestre) |
| Vilariño Gómez        | Mª Josefa        | 5 (2º cuadrimestre) |
| Vázquez Castro        | Mª Consuelo      | 5 (2º cuadrimestre) |

Profesores de ensino secundario e outros

| Apelidos                               | Nome              | Modalidade          |
|--|-------------------|---------------------|
| Andrade González                       | José Benito       | 1                   |
| Fortes Torres                          | Manuel Anxo       | 1                   |
| Maceira Fernández                      | Xosé Manuel       | 1                   |
| Martínez Fernández                     | Miguel Angel      | 1                   |
| Mosquera Camba                         | José Luis         | 1                   |
| Pérez Fernández                        | Carmen            | 1                   |
| Guerra Fernández                       | Manuel            | 2                   |
| Martín Carrillo                        | Antonio Jesús     | 2                   |
| Noya Rial                              | Juan Carlos       | 2                   |
| Daviña Astray                          | Santiago José     | 4 (2º cuadrimestre) |
| Gude Méndez                            | Daniel            | 4 (2º cuadrimestre) |
| Martín Iglesias                        | José Luis         | 4 (2º cuadrimestre) |
| Seoane Sánchez                         | Mª José           | 4 (2º cuadrimestre) |
| Sixto García                           | Jesús Francisco   | 4 (2º cuadrimestre) |
| Alonso Barros                          | Mª Isabel         | 5 (2º cuadrimestre) |
| Alonso Gómez                           | Mª Milagros       | 5 (2º cuadrimestre) |
| Álvarez Fernández                      | María             | 5 (1º cuadrimestre) |
| Álvarez Yágüez                         | Jorge             | 5 (2º cuadrimestre) |
| Ayán Díaz                              | Manuel            | 5 (2º cuadrimestre) |
| Bangueses Modia                        | Eduardo           | 5 (2º cuadrimestre) |
| Carballo Cambeses                      | Cristina Aurora   | 5 (2º cuadrimestre) |
| Carreira Varela                        | José Luis         | 5 (2º cuadrimestre) |
| Carretero Pasín                        | Ángel Enrique     | 5 (2º cuadrimestre) |
| Carteret Gilet                         | Denise            | 5 (2º cuadrimestre) |
| Castiñeira Fernández                   | Mª Cristina       | 5 (1º cuadrimestre) |
| Cerviño Debén                          | Gumerindo Manuel  | 5 (2º cuadrimestre) |
| Conde Lourido                          | Jesús             | 5 (2º cuadrimestre) |
| De Andrés Alonso                       | Patricia          | 5 (2º cuadrimestre) |
| De Artaza Montero                      | Rosa Gloria       | 5 (2º cuadrimestre) |
| Donís Pérez                            | Mª Belén          | 5 (2º cuadrimestre) |
| Díaz Simón                             | Mª Carmen         | 5 (2º cuadrimestre) |
| Formoso Gosende                        | Valentina         | 5 (2º cuadrimestre) |
| García Lasanta                         | Mª Dolores        | 5 (2º cuadrimestre) |
| García Paz                             | Carme             | 5 (2º cuadrimestre) |
| Garea Traba                            | Alicia Eva        | 5 (2º cuadrimestre) |
| Gende García                           | Marta             | 5 (2º cuadrimestre) |
| Gil Ramos                              | Emilio            | 5 (2º cuadrimestre) |
| Gutiérrez Viloría                      | Judit             | 5 (2º cuadrimestre) |
| Lago Dacosta                           | Antonio           | 5 (2º cuadrimestre) |
| Linares Cuerpo                         | Marina Inés       | 5 (2º cuadrimestre) |
| Lorenzo de Dios                        | Eduardo           | 5 (2º cuadrimestre) |
| López Pérez                            | Alberto José      | 5 (1º cuadrimestre) |
| Montaña Louzao                         | José              | 5 (2º cuadrimestre) |
| Nieto Pazó                             | Agustín           | 5 (2º cuadrimestre) |
| Novales Ordax                          | Xurxo             | 5 (1º cuadrimestre) |
| Ortiz de Lejarazu Martínez de Ilarduya | Fernando          | 5 (2º cuadrimestre) |
| Otero García                           | Isabel            | 5 (2º cuadrimestre) |
| Piñeiro de San Miguel                  | Esperanza         | 5 (2º cuadrimestre) |
| Pérez Otero                            | Francisco Antonio | 5 (2º cuadrimestre) |
| Quintela Viña                          | Encarnación       | 5 (2º cuadrimestre) |
| Requeijo Cuba                          | Armando           | 5 (2º cuadrimestre) |
| Rico Vilariño                          | Pilar             | 5 (2º cuadrimestre) |
| Risueño López                          | Jesús María       | 5 (2º cuadrimestre) |
| Soutullo España                        | Daniel            | 5 (2º cuadrimestre) |
| Sánchez Martín                         | Vicente           | 5 (1º cuadrimestre) |
| Tato Fontañá                           | Estrella          | 5 (2º cuadrimestre) |
| Varela Cordeiro                        | Ana María         | 5 (2º cuadrimestre) |
| Vázquez González                       | Mª Elisa          | 5 (2º cuadrimestre) |
| Vázquez Rebollar                       | Mª Carmen         | 5 (2º cuadrimestre) |
| Vicente Álvarez                        | José Ignacio      | 5 (2º cuadrimestre) |
| Viñas Neira                            | Mª Teresa         | 5 (2º cuadrimestre) |
| Viso Soto                              | Margarita         | 5 (1º cuadrimestre) |
| Zas Rey                                | Susana María      | 5 (2º cuadrimestre) |

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,  
INDUSTRIA E COMERCIO

Resolución do 14 de outubro de 2003 pola  
que se conceden as prórrogas das bolsas  
para a realización de estudos de terceiro  
ciclo nas universidades do Sistema Univer-  
sitario de Galicia, convocadas na Orde do  
19 de maio de 2003 (Diario Oficial de  
Galicia do 26 de maio), pola que se con-  
vocan as bolsas correspondentes a diversas  
accións de formación de investigadores do  
Programa de Recursos Humanos do Plan  
Galego de Investigación e Desenvolvemento  
Tecnolóxico para o ano 2003.

Por Orde do 19 de maio de 2003 (DOG do 26  
de maio) convocáronse, entre outras accións do Pro-